



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO DÍA 18/10/2021

**Lugar:** Salón dourado

**Horario de comezo:** 17.00 h

**Data:** 18/10/2021

**Horario de remate:** 18.30 h

**Membros do Concello:** Presidente, Secretaria e Conselleiros do Consello Escolar Municipal.

### ASISTENTES

- **PRESIDENTE:** Jesús Javier Celemín Santos. Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica-
- **SECRETARIA:** Sagrario Ron López. Xefa de Servizo de Educación

### CONSELLEIROS/AS:

- **1 Representante da Administración Educativa**  
Rubén Ponte Justo
- **10 Membros nomeados pola Corporación Municipal (5)**
  - Alfonso García Sanmartín ( Pte. da Confederación Española de Centros de Enseñanza (CECE Galicia)
  - Luis Villaverde López (catedrático de ensino secundario)
  - Celestino Pérez Recarey (experto. Ex director CEFOR)
  - Patricia Varela Fernández (presidenta da AS-PG)
  - Javier Rouco Ferreiro (Nova Escola Galega)
- **6 Representantes de nais/pais de alumnos/as, propostos polas Federacións de ANPAs (6)**
  - Dolores Blanco Sanguñedo (presidenta Fed. ANPAS)
  - M<sup>a</sup> José Otero Vaamonde (centros públicos) secretaria da Xunta directiva
  - Silvia Seoane Sánchez (centros públicos) vogal da Xunta directiva
  - Ana Isabel Sanclaudio Luhía (centros públicos) vogal da Xunta directiva
  - Ignacio Louro Ojea (centros privados- concertados) presidente da FAPA
  - Fernando Torrado Rivas (centros privados- concertados) vicepresidente da FAPA
- **10 Profesores/as de niveis educativos de ensino non universitario: 6 do sector público e 4 do sector privado(7)**
  - M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias (CIG)
  - M<sup>a</sup> José Couso Pita (CCOO)



- Marta Dominguez Tenreiro (CCOO)
- Joaquín Martínez Abad (FSIE)
- María Veiga Paz (FeSP-UGT)
- Rocío López Cazorla (ANPE)

## AUSENTES

Antonio Leonardo Pastor (presidente Asoc. Provincial de centros públicos A Coruña)

Susana Aldao Linares (directora da Escola Oficial de Idiomas da Coruña)

Alejandra Fuentes Vieites (directora da Escola Infantil Arela)

M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. AAVV da Coruña e Área Metropolitana)

Héctor Pose Porto (Profesor universitario)

Felix Longueira Fafián (CIG)

José Rubén Barrán Ferreiro (CC.OO)

Roberto Iglesias Castro (representantes FSIE)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da última reunión
2. Programación educativa prevista para o curso 2021-2022
3. Obras de mantemento dos centros educativos
4. Xestión das escolas infantís
5. Borrador, incluíndo alegacións, do Regulamento de organización e funcionamento do CEM
6. Rolda de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1. Aprobación da acta da última reunión**

Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, correspondente ao 26/01/2021.

### **2. Programación educativa prevista para o curso 2021-2022**

Infórmaselles aos membros do Consello das novas programacións ofertadas para o presente curso. Saliéntase a incorporación de novos programas como son: Imaxina Coruña, o circo na escola e o cine na escola. Non hai preguntas nin suxestión neste punto.



### **3. Mantemento e obras nos centros educativos**

O presidente fai un breve resumo das obras executadas, desagregadas na documentación que se fixo chegar aos membros do consello. Non hai preguntas nin suxestión neste punto.

#### **4. Xestión das escolas infantís**

Faise referencia a noticia da gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 en Galicia, segundo manifestou o Presidente da Xunta. Haberá que esperar a que se publique o desenvolvemento desta decisión e estudar a súa repercusión nas escolas infantís municipais.

A representante das escolas infantís salienta neste punto a importancia de recuperar as becas comedor para este tramo de idade por entender que é unha necesidade demandada.

### **5. Borrador, incluíndo alegacións, do Regulamento de organización e funcionamento do CEM**

O borrador remitido, no que se inclúen algunhas das alegacións presentadas, non é obxecto de debate. O presidente determina un novo prazo para seguir traballando no documento, no que se seguirán valorando as suxestións que se presenten.

### **6. Rolda de intervencións**

Na rolda de intervencións María del Carmen Iglesias Iglesias, representante da CIG, insta ao concello a que inste a xunta a cubrir as prazas de docentes nos centros educativos. O presidente salienta que xa nos últimos plenos o goberno municipal aprobou unha moción nos termos solicitados.

Outras das intervencións, realizada por Ana Isabel Sanclaudio, representante das Federación de ANPAS, foi sobre o tema da alta porcentaxe de abandono escolar. Foi respostada polo representante da administración autonómica quen manifestou que, segundo os datos oficiais, o abandono escolar na CC.AA non se pode considerar alto. Salientou que os medios e programas alternativos existentes na administración para atender os casos de abandono.

Ao fio do anterior, Patricia Varela, presidenta da AS-PG, manifestou a importancia dun bo programa de “reforzo escolar”. Pola responsable do contrato de reforzo escolar, presente nesta reunión como funcionaria do servizo de educación para apoiar o desenvolvemento da xuntanza, fíxoselle unha breve exposición do funcionamento do programa no que salientou as dificultades que, as veces, se atopan para que os pais entendan a necesidade dos nenos.

#### **ACORDOS:**

1. Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinaria, correspondente ao 26/01/2021.



2. Acórdase deixar sobre a mesa o borrador de Regulamento de cara a seguir co seu estudio polo miúdo e presentar suxestións por parte dos membros deste consello, antes de sometelo a aprobación deste órgano colexiado.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria,

Visto e prace  
O presidente

Sagrario Ron López

Jesus Celemín Santos